

**ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DE ENTIDADES SOCIAS
DO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE**

FEGAMP. SANTIAGO DE COMPOSTELA. 26 DE MARZO DE 2019

Hora de inicio: 10:30h

Asisten:

Juan González	Concello de Nigrán
Rocío Fraga	Concello da Coruña
Martín Vázquez	Concello da Coruña
M ^a Dolores Antelo	Concello de Laxe
Argemino Varela	Concello de Mugardos
Joaquín Ayala	Concello de Fene
Pili Peón	Concello de Silleda
Ana M ^a Campos	Concello de Poio
Ángel M. Souto	Concello de Pontecesures
Félix Juncal	Concello de Bueu
Rocío López Rey	Concello da Laracha
M ^a Pilar Pazo González	Concello de Moeche
Ana María Moreiras	Concello de San Cibrao das Viñas
Ana Breixo Gundín	Concello de San Sadurniño
Catalina M ^a García	Concello de Narón
Orlando Saavedra Pino	Concello do Barco de Valdeorras
Inés Ramos	Concello de Arteixo
Carmen Novas	Igadi
Andrea M. García	Igadi

Escusan asistencia: Concello de Ames, Concello de Cambados, Concello de Cartelle, Concello de Guitiriz, Concello de Laxe, Concello de Lugo, Concello de Monfero, Concello de Moraña, Concello de Oleiros, Concello de Ponteareas, Concello de Pontevedra, Concello de Porto do Son, Concello de Redondela, Concello de Santiago de Compostela, Deputación da Coruña, , Deputación de Lugo, Deputación de Pontevedra.

Tras unhas palabras de benvida por parte do Presidente do Fondo Galego, Juan González, procédese a iniciar a reunión coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación da acta anterior
2. Ratificación de altas e baixas de entidades socias
3. Presentación da memoria de actividades e balance económico 2018
4. Presentación do Plan de actividades e orzamento 2019
5. Rogos e preguntas

1. Lectura e aprobación da acta anterior

A Secretaria, Andrea Manuela García, comenta que a acta da última Asemblea Xeral, que tivo lugar o 21 de marzo de 2018, foi remitida por correo electrónico a todas as entidades socias, sen terse recibido ningunha achega. Así mesmo, entre a documentación entregada ás persoas asistentes figura unha copia da mesma. Déixense uns minutos para a súa lectura. Pasado ese tempo, dáse por aprobada a acta do 21/03/2018.

2. Ratificación de altas e baixas de entidades socias

A Secretaria, Andrea Manuela García, sinala que un dos obxectivos marcados para o 2018 foi o de conseguir 6 novas adhesión para chegar a acadar as 100 entidades socias. Comprácese en comunicar que o logro foi acadado, xa que ademais das altas a asociación non rexistra ningunha baixa.

Na Asemblea de entidade socias do 21/03/2018 ratificáronse as altas dos Concellos de Guitiriz e As Neves, e propoñemos agora a ratificación das altas dos outro catro concellos que entraron a formar parte do Fondo Galego no 2018:

- Concello de Muros. Aprobada a adhesión ao Fondo Galego no Pleno do 28/03.
- Concello de Cariño. Aprobada a adhesión ao Fondo Galego no Pleno do 6/04.
- Concello de Viana do Bolo. Aprobada a adhesión ao Fondo Galego no Pleno do 21/09.
- Concello de Bueu. Aprobada a adhesión ao Fondo Galego no Pleno do 3/12.

Dáse a benvida a todos eles.

Desde o ano 2009, momento en que o Fondo Galego contaba con 101 entidades socias, non se volveu a acadar o centenar de socias/os. Desde o ano 2009 ata o 2015 o Fondo Galego sufriu unha perda de socios de xeito paulatino, acadando o momento máis delicado no ano 2015, con 88 administracións locais socias. A partir de aí concentramos esforzos por volver a recuperar a base social, non só en número, senón tamén na preocupación de facela partícipe da vida organizativa do Fondo Galego. Queda agora o reto de acadar e sobrepasar as 107 administracións locais socias, que foi o número máximo de asociados, acadado no 2008. Será un dos nosos retos para o 2019 e vindeiros.

3. Presentación da memoria de actividades e balance económico 2018

Juan González fai balance do ano 2018. Sinala que o Plan de actividades do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade rexistrou en 2018 un elevado dinamismo que achegou a concienciación fronte as desigualdades a milleiros de persoas nuns setenta concellos de toda Galicia. Desenvolvéronse máis de 80 actividades entre espectáculos musicais, teatrais, contos, exposicións, charlas, etc., boa parte delas co financiamento da Xunta de Galicia a través dun convenio de colaboración por valor de 40.000 euros. Como novidade, organizouse co Concello da Coruña o concurso de murais 'Muros que unen', incorporando así a arte urbana como fórmula para achegar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible á cidadanía. No entanto, as actividades máis innovadoras seguiron convivindo con formatos tradicionais de demostrada eficacia. En todos os casos, as avaliacións revelaron un alto grao de satisfacción coas actividades do Fondo Galego por parte das entidades acolledoras.

O ano 2018 tamén foi apaixonante en materia de proxectos de cooperación ao desenvolvemento. Non só se deu continuidade aos proxectos de cooperación en Mozambique, senón que tamén se fixo unha visita política-técnica a terreo para observar os resultados

destas accións e para afianzar os lazos de unión coa Asociación Nacional de Municipios de Mozambique. Así mesmo, ao longo do 2018 tiveron lugar a execución dos proxectos apoiados na convocatoria de proxectos 2017, do que saíron beneficiados 3 proxectos en Guinea Bissau, Guatemala e Honduras, e se impulsaron dous proxectos de emerxencia, un en Guatemala, para a construción de 5 vivendas provisionais para 5 familias afectadas pola erupción do volcán no mes de xuño, e outro en Mozambique, para dar apoio a un centro público de recollida de menores abandonados, para a mellora das súas instalacións.

Porén, no 2018 continuamos traballando nos obxectivos de mellorar na calidade e impacto das accións de cooperación ao desenvolvemento e de incrementar o coñecemento e maior implicación das entidades socias nos proxectos que apoiamos.

En canto á comunicación, en 2018 continuouse implementando accións de comunicación, tanto *offline* coma *online*. Entre as primeiras, contéplase o envío de 70 notas de prensa; a organización de roldas e tomas de declaracións en momentos chave, que se produciron principalmente en deputacións e concellos receptores das actividades; ou a xestión de entrevistas e reportaxes, realizadas en boa medida con motivo das visitas que tivemos. Ademais, canda os modelos de nota os concellos recibiron tamén cartelería e elaboráronse folletos tanto específicos dalgunha exposición coma un xenérico do Fondo Galego.

En canto á comunicación online, seguimos tendo cobertura en xornais electrónicos e webs de distintas organizacións, alén dos nosos propios medios dixitais. Deste xeito, editáronse catro novos números da publicación trimestral 'Infórmate a Fondo' e seguiu enviando por e-mail a *newsletter* 'O Fondo Galego Informa', que cada mes chega a máis de 700 persoas e entidades. Ademais, a web www.fondogalego.org recibiu 78.625 visitas, das que 50.370 corresponderon a visitantes únicos. Ao tempo, o voluntariado en terreo deu conta da experiencia a través do blog vacacionscontraballo.wordpress.com.

As redes sociais actualizáronse practicamente a diario, ata acadar os 5.338 siareiros e siareiras en Facebook e superar os 2.000 en Twitter. Facebook converteuse ademais na principal plataforma de difusión para os nosos vídeos, que elaboramos principalmente grazas á colaboración dos dous estudantes da Universidade de Vigo que fixeron prácticas no Fondo Galego, Lara Alonso e David Pouso. Os bolseiros implicáronse ademais na elaboración do *dossier* de cobertura mediática que se saldou cuns 500 impactos en medios tradicionais e electrónicos.

Mención especial merece a colaboración iniciada con Praza Pública para publicar periodicamente artigos de opinión asinados polos representantes políticos vinculados ao Fondo Galego nas deputacións e concellos socios. Cada texto promove un Obxectivo de Desenvolvemento Sostible e lánzase coincidindo con algún Día Mundial relacionado co tema. En 2018 abordáronse os primeiros oito ODS, e fican para o novo ano os nove restantes.

Por outra banda, mantívose o acordo coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para que a súa revista 'Concellos galegos' inclúa cada cuadrimestre cando menos unha páxina dedicada á actualidade do Fondo Galego. O impulso á Confederación de Fondos, as Vacacións con Traballo en Galicia, a misión a Mozambique ou os proxectos sobre o terreo foron, desta volta, os temas centrais.

Convídase ás persoas asistentes a revisar máis polo miúdo as actividades realizadas na Memoria 2018, entregada a todos os socios por correo postal e electrónico e tamén entregada na documentación para a Asemblea.

Dáse por aprobada por unanimidade.

En canto á rendición de contas, escúsase a falta de asistencia da tesoureira, Anxos Riveiro, do Concello de Pontevedra. Juan González fai a presentación dos datos económicos. Destácase a estabilidade da asociación municipalista en materia económica, a pesares de que o 2018 déixanos un balance negativo de 146.664,53€, se ben isto responde ao gasto de parte do remanente acumulado polo Fondo Galego en exercicios anteriores e que foi contemplado no propio orzamento 2018 para soportar os gastos dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento que se financiaron a través da convocatoria de proxectos do ano 2017.

Sinálase, asemade, que o Fondo Galego ten unha débeda contraída de 13.132€ por impago de cotas atrasadas.

Faise unha lectura do Balance de situación e Conta de resultados 2018, quedando aprobados por unanimidade.

BALANCE SITUACIÓN 2018
(importe en euros)
Cuestionario de información contable abreviado normalizada para
Entidades sen fins lucrativos.

		2018
A) ACTIVO NON CORRENTE		3.343,50
20, (280), (2830), (290)	I. Inmobilizado intanxible	0,00
240,241, 242, 243, 244, 249, (299)	II. Bens do Patrimonio Histórico	0,00
21, 281, (2831), (291), 23	III. Inmobilizado material	3.343,50
22, (282), (2832), (292)	IV. Inversións inmobiliarias	0,00
2503, 2504,2513, 2514, 2523, 2524, (2593), (2594), (293), (2943), (2944), (2953), (2954)	V. Inversións en entidades do grupo e asociadas a longo prazo	0,00
2505, 2515, 2525, (2595), 260, 261, 262, 263, 264, 265, 267, 268, (269), 27, (2945), (2955), (297), (298)	VI. Inversións financeiras a longo prazo	0,00
474	VII. Activos por Imposto diferido	0,00

	B) ACTIVO CORRENTE	175.179,45
30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, (39), 407	I. Existencias	0,00
447, 448, (495)	II. Usuarios/as e outros/as debedores/as da actividade propia	13.132,00
430, 431, 432, 433, 434, 435, 436, (437), (490), (493), 440, 441, 446, 449, 460, 464, 470, 471, 472, 558, 544	III. Debedores/as comerciais e outras contas a cobrar	400,46
5303, 5304, 5313, 5314, 5323, 5324, 5333, 5334, 5343, 5344, 5353, 5354, (5393), (5394), 5523, 5524, (593), (5943), (5944), (5953), (5954)	IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a curto prazo	0,00
5305, 5315, 5325, 5335, 5345, 5355, (5395), 540, 541, 542, 543, 545, 546, 547, 548, (549), 551, 5525, 5590, 5593, 565, 566, (5945), (5955), (597), (598)	V. Inversións financeiras a curto prazo	0,00
480, 567	VI. Periodificacións a curto prazo	15.824,71
57	VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	145.822,28
	TOTAL ACTIVO (A+B)	178.522,95

PATRIMONIO NETO E PASIVO		2018
	A) PATRIMONIO NETO	145.897,28
	A.1) Fondos propios	145.897,28
	I. Dotación Fundacional / Fondo Social.	292.747,22
100, 101	1. Dotación Fundacional/ Fondo social	292.747,22
(103), (104)	2. (Dotación Fundacional non esixida/Fondo social non esixido)	0,00
111, 113, 114, 115	II. Reservas.	-185,41
120, (121)	III. Excedentes de exercicios anteriores.	0,00

129	IV. Excedente do exercicio.	-146.664,53
133, 1340, 137	A.2) Axustes por cambio de valor.	0,00
130, 131, 132	A.3) Subvencións, doazóns e legados recibidos.	0,00
	B) PASIVO NON CORRENTE.	0,00
14	I. Provisións a longo prazo.	0,00
	II. Débedas a longo prazo.	0,00
1605, 170	1. Débedas con entidades de crédito.	0,00
1625, 174	2. Acredores por arrendamento financeiro.	0,00
1615, 1635, 171, 172, 173, 175, 176, 177, 179, 180, 185, 189	3. Outras débedas a longo prazo.	0,00
1603, 1604, 1613, 1614, 1623, 1624, 1633, 1634	III. Débedas con entidades do grupo e asociadas a longo prazo.	0,00
479	IV. Pasivos por imposto diferido.	0,00
181	V. Periodificacións a longo prazo.	0,00
	C) PASIVO CORRENTE.	32.625,67
499, 529	I. Provisións a curto prazo.	0,00
	II. Débedas a curto prazo.	0,00
5105, 520, 527	1. Débedas con entidades de crédito	0,00
5125, 524	2. Acredores por arrendamento financeiro.	0,00
500, 505, 506, 509, 5115, 5135, 5145, 521, 522, 523, 525, 528, 551, 5525, 5530, 5532, 555, 5565, 5566, 5595, 5598, 560, 561, 569	3. Outras débedas a curto prazo.	0,00
5103, 5104, 5113, 5114, 5123, 5124, 5133, 5134, 5143, 5144, 5523, 5524, 5563, 5564	III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo.	0,00
412	IV. Beneficiarios/as-acretores/as.	24.627,00
	V. Acretores/as comerciais e outras contas a pagar.	7.998,67
400, 401, 402, 403, 404, 405, (406)	1. Provedores/as.	0,00
410, 411, 419, 438, 465, 466, 475, 476, 477	2. Outros/as acretores/as.	7.998,67
485, 568	VI. Periodificacións a curto prazo	0,00
	TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)	178.522,95

CONTA DE RESULTADOS 2018
(importe en euros)

Cuestionario de información contable abreviado normalizada para Entidades sen fins lucrativos.

		2018
A) Excedente do exercicio		
720, 721, 722, 723, 740, 747, 748, 728	1. Ingresos pola actividade propia	229.864,92
720	a) Cotas de entidades socias 2018	169.842,13
721	b) Aportacións de usuarias/os	0,00
722,723	c) Ingresos de promocións, patrocinios e colaboradoras/es	0,00
740,747,748	d) Subvencións, doazóns e legados de explotación imputados ao excedente do exercicio	60.022,79
728	e) Reintegro de axudas e asignacións	0,00
700,701,702,703,704,705,(706),(708),(709)	1X. Ventas e outros ingresos da actividade mercantil	0,00
(650), (651), (653), (654), (658)	2. Gastos por axudas e outros	-194.844,79
(650)	a) Axudas monetarias	-194.844,79
(651)	b) Axudas non monetarias	0,00
(653),(654)	c) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno	0,00
(658)	d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados	0,00
(6930), 71*, 7930	3. Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación	0,00
73	4. Traballos realizados pola entidade para o seu activo	0,00
(600), (601), (602), 6060, 6061, 6062, 6080, 6081, 6082, 6090, 6091, 6092, 610*, 611*, 612*, (607), (6931), (6932), (6933), 7931, 7932, 7933	5. Aprovisionamentos	-85.904,78
75	6. Outros ingresos de explotación	0,00
(640), (641), (642), (643), (644), (649), 7950	7. Gastos de persoal	0,00
(62), (631), (634), 636, 639, (655), (694), (695), 794, 7954, (656), (659)	8. Outros gastos da actividade	-95.732,05

(68)	9. Amortización do inmovilizado.	-47,83
745, 746	10. Subvención, doazóns e legados de capital traspasados ao excedente do exercicio.	0,00
7951, 7952, 7955, 7956	11. Exceso de provisiones.	0,00
(690), (691), (692), 770, 771, 772, 790, 791, 792, (670), (671), (672)	12. Deterioro e resultado por enaxenación de inmovilizado.	0,00
	A.1) EXCEDENTE DA ACTIVIDADE (1+1X+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12)	-146.664,53
760, 761, 762, 767, 769	13. Ingresos financeiros.	0,00
(660), (661), (662), (664), (665), (669)	14. Gastos financeiros.	0,00
(663), 763	15. Variación do valor razoable en instrumentos financeiros.	0,00
(668), 768	16. Diferenzas de cambio.	0,00
(666), (667), (673), (675), (696), (697), (698), (699), 766, 773, 775, 796, 797, 798, 799	17. Deterioro e resultado por enaxenacións de instrumentos financeiros.	0,00
	A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (13+14+15+16+17).	0,00
	A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	-146.664,53
(6300*), 6301*, (633), 638	18. Impostos sobre beneficios.	0,00
	A.4) VARIACIÓNS DO PATRIMONIO NETO RECOÑCIDA NO EXCEDENTE DO EXERCICIO (A.3+18)	-146.664,53
	B) Ingresos e gastos imputados directamente ao patrimonio neto**	
940, 9420	1. Subvencións recibidas	60.022,79
941, 9421	2. Doazóns e legados recibidos	0,00
(800), (89), 900, 991, 992, (810), 910, (85), 95	3. Outros ingresos e gastos	0,00
(8300)*, 8301*, (833), 834, 835, 838	4. Efecto impositivo	0,00
	B.1) Variación do patrimonio neto por ingresos e gastos recoñecidos directamente no patrimonio neto (1+2+3+4)	60.022,79
	C) Reclasificacións ao excedente do exercicio	
(840), (8420)	1. Subvencións recibidas	-60.022,79
(841), (8421)	2. Doazóns e legados recibidos	0,00
(802), 902, 993, 994, (812), 912	3. Outros ingresos e gastos	0,00
8301*, (836), (837)	4. Efecto impositivo	0,00
	C.1) Variación do patrimonio neto por reclasificacións ao excedente do exercicio (1+2+3+4)	-60.022,79

D) Variacións de patrimonio neto por ingresos e gastos imputados directamente ao patrimonio neto (B.1+C.1) **	0,00
E) Axustes por cambio de criterio	0,00
F) Axustes por erros	-185,41
G) Variacións na dotación fundacional e fondo social	0,00
H) Outras variacións	0,00
I) RESULTADO TOTAL, VARIACION DO PATRIMONIO NETO NO EJERCICIO (A.4+D+E+F+G+H)	-146.849,94

O presidente dá a palabra a Joaquín Ayala, Concelleiro de Fene, que comparte coa Asemblea a proposta que Fene aprobou no seu Peno do mes de xaneiro sobre a cota de participación no Fondo Galego. O acordo, que será enviado ao Fondo Galego, resúmese nestes tres puntos:

- Acordo de incremento da cota en 500€ para a anualidade 2019 e vindeiros, ao que se suma 0,01€ por habitante.
- Cada ano irase incrementando 0,01€ máis por habitante.
- Incrementar a cota progresivamente ata o 2030, para achegarse ao 0,7%

Así mesmo, Joaquín Ayala comenta que está será a súa última participación na Asemblea do Fondo Galego por cese da súa participación na política municipal.

Juan González dá os parabéns pola iniciativa, que considera de máximo interese para o seu estudo por parte da secretaría técnica do Fondo Galego, ante a posibilidade de réplica para as entidades socias. Así mesmo, dá unhas palabras de agradecemento e despedida.

4. Presentación do Plan de actividades e orzamento 2019

Andrea García, secretaria, presenta o Plan de Actividades 2019, titulado “Cooperación local no mundo global”, que segue unha liña de continuidade ao respecto dos anos anteriores e que se enmarca nas Liñas estratéxicas 2016-2019 da entidade. O Plan contempla catro áreas: fortalecemento da asociación, sensibilización da veciñanza fronte as desigualdades, proxectos de cooperación internacional e comunicación.

Faise unha presentación de cada unha das actividades.

En canto ao fortalecemento do Fondo Galego, apúntanse os obxectivos: incrementar a base asociativa e a súa participación, fortalecer a estrutura da asociación, mellorar o seu estatus e impulsar a participación en redes.

Da campaña de captación de socios, remárcase que no 2019 o propósito será chegar a novas entidades socias, que como agasallo de benvida recibirán un espectáculo de contacontos. Seguiranse convocando as xuntanzas da Rede Municipalista Solidaria, no primeiro e segundo semestre. Asemade, buscaranse de novo fórmulas para estimular a participación na nosa Asemblea Xeral. En canto á novidade para o Plan 2019 nesta área, será a de promover intercambios entre municipios galegos e portugueses para a implementación dos ODS. Outra das novidades foi o “Almorzo Xusto” que tivo lugar o pasado 28/02, e que consistiu nun

almorzo con produtos de comercio xusto ou de proximidade con representantes dos catro grupos presentes no Parlamento de Galicia. Dito encontro serviu para poñer enriba da mesa o traballo do Fondo Galego ao longo dos 22 anos de vida e os principais atrancos e desafíos. Desta actividade xurdiu a posibilidade da aprobación dunha Declaración Institucional no Parlamento de Galicia, da man do PPdG, a prol do Fondo Galego e da cooperación municipalista. Asemade, continúaase participando na Confederación de Fondos, na que o Fondo Galego ocupa os cargos da Presidencia e Secretaría desde novembro de 2017.

No eido da sensibilización, continuarase promovendo a concienciación en relación á solidariedade e os dereitos humanos en Galicia, así como impulsando o coñecemento e maior implicación dos socios na área de cooperación. Para acadar estes obxectivos levaranse a cabo unha serie de actividades: concurso de murais 'Muros que unen II' (Concello da Coruña), exposicións itinerantes, concertos de Batuko Tabanka (5), contacontos da Tropa de Trapo (6) e a obra teatral 'O valo' (5). A planificación de 2019 contempla tamén os programas Vacacións con Traballo e Vacacións con Traballo en Galicia. No caso de Vacacións con Traballo están previstas dúas prazas en Mozambique e unha terceira en Cabo Verde. En canto á outra vertente do programa, unha técnica de traballo social da Asociación Nacional de Municipios de Mozambique intercambiará coñecementos nos concellos galegos. Como novidade, realizarase un Foro da cooperación municipalista da lusofonía, que terá por obxectivo achegarnos e intercambiar experiencias con municipios de países de lingua oficial portuguesa, así como crear unha rede de colaboración e contacto para o intercambio e fortalecemento permanente entre os municipios da lusofonía.

Na área de proxectos, traballarase co fin de mellorar a calidade e impacto das accións de cooperación e de incrementar o coñecemento e implicación dos socios. Para acadar este último obxectivo, este ano darase por concluído o programa coa Fundação Encontro para previr doenzas e adicións na mocidade a través do deporte, ao tempo que finaliza o proxecto na vila de Nhamayábue para a construción de dous pequenos sistemas de abastecemento de auga. En 2019, o Fondo Galego fará unha reserva orzamentaria para lanzar unha nova convocatoria para ONGD en 2020 e realizará novos proxectos de cooperación directa con municipios ou ONGD de Mozambique, a raíz do ciclón Idai que na pasada semana arrasou o país. Resérvase ademais unha partida para axudas de emerxencia, que en 2019 se destinará paliar as perdas ocasionadas polo ciclón en Mozambique. Juan González comenta que tras o paso do ciclón Idai en Mozambique estase estudando a mellor forma de colaboración, considerando que resulta máis pertinente apoiar ao municipio de Nhamayabue, no que apoiamos a construción de 4 sistemas de abastecemento de auga nos anos 2017 e 2018, ou ás dúas ONGD locais coas que xa temos experiencia de traballo.

En canto á comunicación, continuarase promovendo a visibilización do traballo do Fondo Galego e todo o relativo ás desigualdades Norte-Sur. Entre as novidades para o ano en curso, están a renovación da páxina web e a publicación de nove artigos de opinión sobre os ODS.

Ana Campos Comín, representante do Concello de Poio, comenta que non se incorpora no documento a exposición de Guinea Bissau. Dáse conta do erro para incorporala no Plan de actividades.

Dáse por aprobado o Plan de actividades para a anualidade 2019, que se axunta, coa corrección, á acta.

En canto o rozamento, Andrea García fai a presentación do mesmo, quedando tamén aprobado por unanimidade.

ORZAMENTO 2019- FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE

	INGRESOS	IMPORTE
Cotas socios 2019		160.089,02 €
Convenio Xunta de Galicia		60.000,00 €
Concello de Lugo		6.075,00 €
Concello da Coruña		20.000,00 €
	TOTAL INGRESOS	246.164,02 €

	GASTOS	IMPORTE
FUNCIONAMENTO		70.500,00 €
Gastos Secretaría técnica (Igadi)		64.000,00 €
Asesoría		2.500,00 €
Asesoría xurídica		3.000,00 €
Outros		1.000,00 €
ÁREA FORTALECEMENTO		17.370,00 €
ACTIVIDADE 1.1: Campaña de captación de socios 2019		2.850,00 €
ACTIVIDADE 1.2: Estudo sobre a cooperación municipalista en Galicia		1.600,00 €
ACTIVIDADE 2.1: Xuntanzas da Rede municipalista solidaria		1.200,00 €
ACTIVIDADE 2.2: Asemblea Xeral de Socios		1.750,00 €
ACTIVIDADE 2.3: Intercambios con municipios portugueses sobre a implementación dos ODS e as políticas públicas municipais de cooperación ao desenvolvemento		7.050,00 €
ACTIVIDADE 3.1: Almorzo xusto		320,00 €
ACTIVIDADE 3.2: Fortalecer a coordinación e colaboración coa FEGAMP		100,00 €
ACTIVIDADE 4.1: Participación na Confederación de Fondos		2.500,00 €
ACTIVIDADE 4.2: Estudar a posibilidade de adhesión a outras redes a nivel internacional		0,00 €
ÁREA SENSIBILIZACIÓN		71.375,00 €
ACTIVIDADE 5.1: Exposición itinerantes		2.500,00 €

ACTIVIDADE 5.2: Actuacións de Batuko Tabanka	4.500,00 €
ACTIVIDADE 5.3: Contacontos coa compañía a Tropa de Trapo	4.000,00 €
ACTIVIDADE 5.4: Representacións teatrais sobre as fronteiras e as persoas refuxiadas	3.875,00 €
ACTIVIDADE 5.5: Axendas 2020	3.000,00 €
ACTIVIDADE 5.6: Muros que Unen II	20.000,00 €
ACTIVIDADE 6.1: Vacacións con Traballo	6.000,00 €
ACTIVIDADE 6.2: Vacacións con Traballo en Galicia	3.200,00 €
ACTIVIDADE 6.3: Actividades relacionadas cos proxectos financiados na convocatoria de proxectos	3.000,00 €
ACTIVIDADE 6.4: Foro da cooperación municipalista da lusofonía	21.300,00 €
ÁREA PROXECTOS	77.898,23 €
ACTIVIDADE 7.1: Programa coa Fundação Encontro	6.000,00 €
ACTIVIDADE 7.2: Construción de pequenos sistemas de abastecemento de auga na vila de Nhamayabue	8.324,71 €
ACTIVIDADE 7.3: Proxectos de cooperación directa con Mozambique e/ou Cabo Verde	30.272,00 €
ACTIVIDADE 7.4: Axudas de emerxencia ou post emerxencia	10.000,00 €
ACTIVIDADE 7.5: Fondo de reserva para convocatoria de proxectos para ONGD	23.301,52 €
COMUNICACIÓN	4.600,00 €
ACTIVIDADE 8.1: Promoción do Fondo Galego nas redes sociais	100,00 €
ACTIVIDADE 8.2: Nova páxina web	3.000,00 €
ACTIVIDADE 8.3: Elaboración da Memoria anual	1.500,00 €
ACTIVIDADE 8.4: Publicación de 9 artigos de opinión	0,00 €
IMPREVISTOS	4.420,79 €
TOTAL GASTOS	246.164,02 €

Joaquín Ayala comenta que hai dous erros na descrición económica das actividades 7.3 e 7.5. A secretaria toma nota dos erros e comenta que se incorporan as subsanacións ao Plan, polo que a versión correcta axuntarase á acta.

Así mesmo, cómpre destacar que a finais de ano **o Fondo Galego resultaba adxudicatario dun contrato menor** para a avaliación dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento e sensibilización presentados á convocatoria de proxectos do Concello de Lugo.

6. Rogos e preguntas.

Juan González pregunta á Asemblea se hai algunha cuestión que queiran comentar ou preguntar. Ante a negativa, Andrea García destaca e agradece o rol desenvolvido pola Asemblea e a Comisión executiva neste mandato, a piques de pechar. Así mesmo, faise un recoñecemento ao labor desenvolvido por Rocío Fraga, Concelleira de Igualdade e Diversidade do Concello da Coruña e Vogal da Comisión executiva do Fondo Galego, por retirarse da súa carreira política a nivel municipal. Entrégaselle un agasallo co logo do Fondo Galego. Rocío Fraga dá unhas palabras de agradecemento ao Fondo Galego e á Comisión executiva.

Así mesmo, Juan González agradece tamén publicamente, a pesares de que non se atopa na sala, á actual Vicepresidenta e Presidenta no mandato anterior, Teresa París, Concelleira de Redondela, polo seu traballo a prol do Fondo Galego.

Dáse por pechada a reunión cando son as 11:45h.

Asdo. A Secretaria
Andrea Manuela García Corzo

Visto e Prace. O Presidente
Juan Antonio González Pérez